




# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685. XANCEDA. C.I.F.: P-1504800 B. Telf (981) 687001– Fax 68 70 69

## BANDO



### EVACUACIÓN CONXUNTA PARQUES EÓLICOS LEGRE e SOLPOR

Acordo do 20 de decembro de 2023 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública (DUP), en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) do proxecto de **Solución de Evacuación Conxunta dos parques eólicos Legre e Solpor, nos concellos de Mesía, Ordes e Abegondo**, (exp. IN408A 2020/124).

Solicitante/Promotor: **GREEN CAPITAL POWER, S.L**

A documentación que se expón:

O proxecto de execución da solución de evacuación conxunta dos PPEE Legre e Solpor (vsd 24/08/2023)

- ✓ A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e dereitos afectados polo proxecto (RBDA)
- ✓ Proxecto de execución Solución de Evacuación Conxunta dos PPEE Legre e Solpor.
- ✓ Plano Xeral do proxecto de execución Solución de Evacuación Conxunta dos PPEE Legre e Solpor.
- ✓ Planos Individuais dos predios afectados polo proxecto de instalación.
- ✓ Estudo de impacto ambiental (EIA) (asdo 16/08/2023)

O proxecto faise público para o coñecemento xeral e para que poidan examinar a documentación técnica anteriormente relacionada na **oficina técnica de urbanismo do concello os LUNS, MÉRCORES e VENRES en horario de 10:00 a 15:00 h, se é o caso, presentar as alegacións ou observacións que consideren oportunas dentro do prazo de trinta (30) días**, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia (DOG). **Publicado o martes 23 de xaneiro de 2024 no DOG Núm 16.**

**Prazo para remitir alegacións/achegas/opinións: 24/01/2024-05/03/2024**

A documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación (rúa Vicente Ferrer, núm. 2, 2º andar, 15071 A Coruña, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, ou nos teléfonos 981 18 49 83 e 981 18 49 82, así como nas casas consistoriais de Abegondo, Ordes e Mesía.

Ademais, esta documentación tamén se poderá consultar no portal web da Consellería de Economía, Industria e Innovación a través da seguinte ligazón:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

No portal web do concello de Mesía

<https://www.concellodemesia.gal/servizos/noticias/informacion-publica-evacuacion-conxunta-dos-ppee-legre-e-solpor>

Mesía, 23 de xaneiro de 2024

Alcalde,

Mariano Iglesias Castro

